

Alborada

I

Vaite noi-
te-vai fuxin-
do-vente auro-
ra-vente abrin-
do-co teu ros-
tro-que sorrin-
do-a sombra espanta!!!

Canta...!,

paxariño can-
ta-de ponliña en pon-
la-que o sol se levan-
ta-polo monte ver-
de-polo verde mon-
te-alegrando as her-
bas-alegrando as fon-
tes...!

Canta, paxariño alegre,
canta!

Canta porque o millo medre.

Canta!

Canta porque a luz te escoite.

Canta!

Canta que fuxeu a noite.

Noite escura

logo vén,

e moito dura
co seu manto
de tristura,
con meigallos
e temores,
agoreira
de dolores,
agarimo
de pesares,
cubridora
en todo mal,
sal...!

Que a auroriña
o ceu colora
cuns arbores
que namora,
cun sembrante
de ouro e prata
teñidiño
de escalrata.
Cuns vestidos
de diamante
que lle borda
o sol amante
antre as ondas
de cristal.

Sal...!
Señora en todo mal,
que o sol

xa brila
nas cunchiñas do areal,
que a luz
do día
viste a terra de alegría,
que o sol
derrete con amor a escarcha fría.

II

Branca auro-
ra-ven chegan-
do-i ás porti-
ñas-vai chaman-
do-dos que dor-
men-esperan-
do-o teu folgor...!

Cor...
de alba hermosa
lles estende
nos vidriños
cariñosa,
donde o sol
tamén suspende,
cando aló
no mar se tende
de fogax
larada viva,
dempois leve,
fuxitiva,
triste, vago

resprandor.

Cantor
dos aires,
paxariño alegre,
canta,
canta porque o millo medre.

Cantor
da aurora,
alegre namorado,
ás meniñas dille
que xa sal o sol dourado;

que o gaiteiro,
ben lavado,
ben vestido,
ben peitado,
da gaitiña
acompañado
á porta está...!
Xa...!

Se espicando
que te esprica,
repinica,
repinica
na alborada
ben amada
das meniñas
cantadeiras,
bailadoras,

rebuldeiras;
das velliñas
alegriñas,
das que saben
ben ruar.

Arriba
todas, rapaciñas do lugar!,
que o sol
i a aurora xa vos vén a despertar.
Arriba!
Arriba, toleirona mocidad!,
que atru-
xaremos-cantaremos o *ala...lá...!!!*